



*Entidade Local Menor
de Bembridge*

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA VECIÑAL NÚM. 6/2022, DO DIA 30
DE XUÑO DE 2022**

Na sede da Entidade Local Menor de Bembridge, sendo ás vinte horas e nove minutos do xoves día 30 de xuño de 2022, previa convocatoria de sesión ordinaria realizada pola Alcaldía mediante Resolución de 27 do mesmo mes, reúnese a Xunta Veciñal, baixo a Presidencia do Alcalde-Pedáneo, D. Marcos Castro González, asistindo os seguintes vocais:

D ^a . Patricia Otero Carrera	PSdeG – PSOE
D. José González Domínguez	PSdeG – PSOE
D ^a . Antía González Fernández	PSdeG – PSOE
D. Manuel Costas Costas	PSdeG – PSOE

Asiste á sesión, en calidade de secretaria da Corporación, Patricia Alvarellos Leis.

O obxecto da sesión é o tratamento e resolución dos seguintes puntos da

ORDE DO DÍA

I. PARTE RESOLUTIVA:

1. Acta anterior:

- Núm. 5/2022, do 26 de maio de 2022

2. Iniciar expediente de cesión gratuíta de bens mobles (dez equipos informáticos), propiedade desta Entidade, a dous centros de ensino público, expte 35/2022

II. PARTE DE CONTROL:

3. Resolucións da alcaldía – pedanía

4. Rogos e preguntas.

Ábrese a sesión polo Sr. Alcalde Pedáneo á hora arriba indicada.

Acto seguido, procédese ao tratamento dos puntos da ORDE DO DÍA:

1. Acta anterior:

- Núm. 5/2022, do 26 de maio de 2022



Entidade Local Menor de Bembrive

Sometida á consideración da Xunta Veciñal o borrador da acta da sesión citada, distribuída coa convocatoria desta sesión, e ao non producirse intervencións, declárase aprobada por unanimidade dos asistentes.

2. Iniciar expediente de cesión gratuíta de bens mobles (dez equipos informáticos), propiedade desta Entidade, a dous centros de ensino público, expte 35/2022

Dase conta da proposta de 27.06.2022 co seguinte contido:

“En relación co expediente relativo á cesión dos bens mobles en cumprimento da Providencia de Alcaldía de data 27.06.2022, emito o seguinte informe-proposta de resolución, de conformidade co establecido no artigo 175 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, con base aos seguintes,

ANTECEDENTES DE FEITO

Documento	Data	Observacións
Memoria Xustificativa	27.06.2022	-----
Informe de Secretaría	27.06.2022	-----
Certificado do Inventario de Bens	27.06.2022	Os bens mobles (10 equipos informáticos) figuran no Inventario como demaniais afectados a un servizo público (Epígrafe 7º).

LEXISLACIÓN APLICABLE

A Lexislación aplicable ao asunto é a seguinte:

- Os artigos 109 a 112 do Regulamento de Bens das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño.
- O artigo 145 da Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas
- O artigo 47.2.ñ) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na Lexislación aplicable procedendo a súa aprobación polo Pleno (Xunta Veciñal) da Entidade Local Menor de Bembrive, en virtude dos artigos 110.1



Entidade Local Menor de Bembrive

do Regulamento de Bens das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño e 47.2.ñ) da Lei 7/1985, de 9 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Por iso, de conformidade co establecido no artigo 175 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, o que subscribe eleva a seguinte proposta de resolución:

ACORDO

PRIMEIRO. Iniciar expediente para ceder gratuitamente a favor dos centros de ensino público de Bembrive (C.E.I.P. Mosteiro – Bembrive e C.E.I.P. Chans – Bembrive) os seguintes bens mobles (dez equipos informáticos, cinco ao C.E.I.P. Mosteiro e cinco ao C.E.I.P Chans):

EPÍGRAFE 7º - MOBILIARIO			
Nº de orde do Inventario:	185	Nº de orde do Grupo:	1MOBI00038
Descrición:			
10 EQUIPOS INFORMÁTICOS			
P IV-512 MB-120 GB CON DVD-WEBCAM Y MONITOR TFT 17"			
Localización:	SEDE SOCIAL - PLANTA PRIMEIRA		
Carácter dominio:	Servicio Público		
Dato contabilidade:			
Valor:	14429,66		

SEGUNDO. Someter o expediente a un período de información pública por prazo de vinte días mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e no taboleiro de anuncios desta Entidade Local, a fin de que os interesados presenten as alegacións que estimen pertinentes.

TERCEIRO. Finalizado o período de información pública, e unha vez informadas as alegacións presentadas, prosíganse os demais trámites do expediente, emitíndose informe-proposta de Secretaría, e elevándose ao Pleno (Xunta Veciñal) para a súa aprobación.

No entanto, a Corporación acordará o que estime pertinente."

.....
MEMORIA DE ALCALDÍA-PEDANÍA

ANTECEDENTES DE FEITO:



Entidade Local Menor de Bembrive

Nesta Entidade Local presentaron varias solicitudes de cesión (Rexistros núm. E-RE-39 e 40) correspondentes a equipos informáticos propiedade desta entidade para os centros de ensino público localizados no ámbito territorial de Bembrive.

As citadas solicitudes foron presentadas no rexistro de esta entidade o que fai necesario a incoación do pertinente expediente para a súa cesión, xa que os citados equipos figuran no inventario de bens da Entidade Local Menor.

XUSTIFICACIÓN:

Esta Alcaldía pedanía considera oportuno a tramitación das referidas solicitudes tendo en conta os seguintes motivos:

1º.- Os citados equipos atópanse nestres intres en un periodo total de desuso debido a que actualmente a gran maioría dos fogares xa dispoñen de equipos informáticos e acceso a internet.

2º.- O obxecto de esta cesión ten como finalidade favorecer a formación do alumnado dos citados centros educativos e o seu desenvolvemento no mundo dixital no que estamos inmersos na actualidade.

3º.- A cesión dos citados equipos libera un espazo importante e estratéxico na planta superior do edificio sede da Entidade Local Menor, espazo que será destinado para o desenvolvemento de actividades socio-culturais e educativas.

En consecuencia, esta Alcaldía-Alcaldía considera favorable a cesión de 10 equipos informáticos (cinco ao C.E.I.P. Mosteiro – Bembrive e outros cinco ao C.E.I.P. Chans – Bembrive) polos motivos aquí expostos.

.....

O día 27.06.2022 emitiuse informe por parte da secretaría intervención:

Pola Alcaldía-Pedanía dase a orde verbal a esta secretaría para que o expediente sexa informado para a súa inclusión na convocatoria da sesión ordinaria da Xunta Veciñal do mes de xuño (último xoves de cada mes), que deberá efectuarse no día de hoxe.

Dacordo coa Providencia de Alcaldía-Pedanía de data 27.06.2022, e en cumprimento do establecido no artigo 3.3 a) do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional emito o seguinte,

ANTECEDENTES DE FEITO

- *En data 27 de xuño do 2022, tivo entrada no Rexistro da ELM de Bembrive escritos do C.E.I.P. Mosteiro – Bembrive e do C.E.I.P. Chans (num. entrada E-RE 39 e RE 40, respectivamente), nos que solicitan a cesión de equipos informáticos propiedade desta Entidade Local, co obxecto de “obter unha maior optimización coa súa utilización”.*



Entidade Local Menor de Bembrive

Nas solicitudes propóñense destinalos a distintos fins de utilidade pública e interese social en beneficio dos alumnos matriculados nos centros educativos. Así mesmo, manifestan que o uso dos equipos informáticos por parte dos centros de ensino público permitirá mellorar e optimizar o uso dos equipos, resultando beneficiosa a cesión para o alumnado que faga uso dos mesmos, o que redundará de forma positiva na formación dos usuarios. Os representantes dos dous colexios manifestan contar cos medios necesarios para o cumprimento dos fins e actividades que se pretenden coa cesión dos referidos equipos.

No caso do C.E.I.P. Mosteiro – Bembrive, estes equipos serán destinados a obxectivos de utilidade pública e interese social en beneficio dos 200 alumnos matriculados no centro.

No caso do C.E.I.P. Chans – Bembrive irán destinados a substituír aos actuais existentes na biblioteca do centro, avariados e obsoletos. A biblioteca escolar é un elemento dinamizador da vida escolar e de uso por parte de toda a comunidade educativa.

Unha dotación informática eficiente é necesaria para acceder as fontes de coñecemento nestes tempos. Ao mesmo tempo a alfabetización e mellora da competencia dixital é un dos piares da formación dos cidadáns do futuro e unha das importantes labores da escola.

- En data 27 de xuño de 2022, o Alcalde-Pedáneo da ELM de Bembrive, emite orde de incoación de expediente para a cesión de dez equipos informáticos (cinco ao C.E.I.P. Mosteiro – Bembrive e outros cinco ao C.E.I.P. Chans – Bembrive), así como memoria xustificativa na que considera axeitado acceder á solicitude dos centros de ensino públicos de Bembrive (C.E.I.P. Mosteiro – Bembrive e C.E.I.P. Chans) polos motivos que a continuación se enumeran:

“1º.- Os citados equipos atópanse nestres intras en un periodo total de desuso debido a que actualmente a gran maioría dos fogares xa dispoñen de equipos informáticos e acceso a internet.

2º.- O obxecto de esta cesión ten como finalidade favorecer a formación do alumnado dos citados centros educativos e o seu desenvolvemento no mundo dixital no que estamos inmersos na actualidade.

3º.- A cesión dos citados equipos libera un espazo importante e estratéxico na planta superior do edificio sede da Entidade Local Menor, espazo que será destinado para o desenvolvemento de actividades socio-culturais e educativas”.

- A situación no Inventario desta Entidade Local dos dez equipos informáticos que se pretenden ceder é a seguinte (No Inventario de Bens constan 14):

EPÍGRAFE 7º - MOBILIARIO			
Nº de orde do Inventario:	185	Nº de orde do Grupo:	1MOBI00038
Descrición:			
14 EQUIPOS INFORMÁTICOS			
P IV-512 MB-120 GB CON DVD-WEBCAM Y MONITOR TFT 17”			
Localización:	SEDE SOCIAL-PLANTA PRIMEIRA		
Carácter dominio:	Servicio Público		



Entidade Local Menor de Bembrive

Dato contabilidade:	
Valor:	14429,66

INFORME

PRIMEIRO. Os bens e dereitos patrimoniais cuxa afectación ou explotación non se xulgue previsible poderán ser cedidos gratuitamente para a realización de fins de utilidade pública ou interese social da súa competencia, a outras entidades ou institucións públicas así como a institucións privadas de interese público sen ánimo de lucro.

Neste caso, preténdese a cesión gratuita de dez equipos informáticos [P IV-512 MB-120 GB CON DVD-WEBCAM Y MONITOR TFT 17"] propiedade desta Entidade Local que figuran no Inventario como demaniais afectados a un servizo público.

SEGUNDO. A Lexislación aplicable é a seguinte:

- Os artigos 109 a 112 do Regulamento de Bens das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño.
- Os artigos 142.2 e 145 da Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas
- O artigo 47.2.ñ) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

TERCEIRO. A cesión gratuíta de bens requirirá, conforme aos artigos 47.2.ñ) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e 110.1 do Regulamento de Bens das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, Acordo adoptado co voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación.

A lexislación aplicable non diferencia entre bens mobles e inmobles polo que o procedemento para a cesión de bens mobles patrimoniais será moi similar ao procedemento de cesión de bens inmobles patrimoniais.

No presente caso, os bens mobles que se pretenden ceder figuran no Inventario desta Entidade Local como demaniais afectados a un servizo público.

A estes efectos, trae colación o disposto no apartado 2 do artigo 142 da LPAP 33/2003 que recolle a desafectación tácita dos bens mobles coa adxudicación dos mesmos, nos seguintes termos:

“O acordo de alleamento implicará a desafectación dos bens e a súa baixa en inventario.”

En consecuencia, a adopción do acordo de cesión leva implícito a desafectación dos bens que se ceden.

CUARTO. Se os bens cedidos non fosen destinados ao uso dentro do prazo sinalado no acordo de cesión ou deixasen de selo posteriormente considerarase resolta a cesión e reverterán aqueles a a Corporación Local, a cal terá dereito a percibir da entidade beneficiaria, previa tasación pericial, o valor dos detrimentos experimentados polos bens cedidos.



Entidade Local Menor de Bembrive

QUINTO. Durante todo o proceso de cesión dos bens mobles, deberá cumprirse coas esixencias de publicidade activa en virtude do disposto no artigo 21.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na normativa vixente en materia de transparencia.

SEXTO. O procedemento para levar a cabo a cesión gratuíta dos bens mobles ás entidades ou institucións públicas é o seguinte:

A.- No expediente contan unhas sucintas xustificacións documentais (memorias demostrativas) presentadas polas entidades ou institucións solicitantes, de que os fins que se perseguen coa cesión redundan de maneira evidente e positiva en beneficio da formación do alumnado dos centros de ensino público de Bembrive, iniciaranse os trámites conducentes á cesión dos referidos bens mobles (equipos informáticos).

B.- O expediente deberá cumprir os requisitos que se esixen no artigo 110 do Regulamento de Bens das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, que son os seguintes:

“1. En todo caso, a cesión gratuíta dos bens requirirá acordo adoptado co voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación, previa instrución do expediente conforme estes requisitos:

- a) Xustificación documental pola propia Entidade ou Institución solicitante do seu carácter público e Memoria demostrativa de que os fins que persegue han de redundar de maneira evidente e positiva en beneficio dos habitantes do termo municipal.*
- b) Certificación do Rexistro da Propiedade acreditativa de que os bens se achan debidamente inscritos en concepto de patrimoniais da Entidade local.*
- c) Certificación do Secretario da Corporación na que conste que os bens figuran no inventario aprobado pola Corporación coa predita cualificación xurídica.*
- d) Informe do Interventor de fondos no que probe non haber débeda pendente de liquidación con cargo ao orzamento municipal.*
- e) Ditame suscrito por técnico que asevere que os bens non se achan comprendidos en ningún plan de ordenación, reforma ou adaptación, non son necesarios para a Entidade local nin é previsible que o sexan no dez anos inmediatos.*
- f) Información pública por prazo non inferior a quince días.”*

No presente suposto, ao tratarse de bens mobles algúns dos citados trámites como a certificación do Rexistro da Propiedade e o Ditame técnico que asevere que os bens non se achan comprendidos en plan de ordenación, reforma ou adaptación non se deberán emitir, xa que unicamente proceden no suposto de cesión gratuíta de bens inmobles.

Para ese efecto, achegarase ao expediente certificado do Inventario de Bens, onde se faga constar que os bens mobles figuran no Inventario e a súa cualificación xurídica.

C.- Emitirase informe de Intervención sobre os fondos, no que probe non haber débeda pendente de liquidación con cargo ao Orzamento desta Entidade Local. Igualmente, desde Intervención deberá emitirse informe por esixirse legalmente unha maioría especial para a aprobación da cesión.



Entidade Local Menor de Bembrive

D.- Incorporados os documentos anteriores, someterase o expediente a período de información pública por prazo non inferior a vinte días.

A xuízo da que subscribe, o prazo mínimo de información pública non debe ser inferior a vinte días, de conformidade co disposto no artigo 83 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a pesar de que o artigo 110.1 f) do Regulamento de Bens das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, establece que o prazo de información pública non deberá ser inferior a quince días, entendemos que se debe realizar unha interpretación sistemática do Ordenamento Xurídico sempre a favor do interesado.

E.- A cesión gratuíta dos bens debe ser aprobada polo Pleno da Entidade Local (Xunta Veciñal), por maioría absoluta do número legal de membros da corporación, de conformidade cos artigos 22.2.p) e 47.2.ñ) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

A cesión deberá formalizarse en escritura pública ou documento administrativo.

.....

Non se producen intervencións.

ACORDO: Sométese o asunto a votación, resultando que por unanimidade dos membros presentes (do Sr. Alcalde e dos vocais, Sra. Otero Carrera, Sr. González Domínguez, Sra. González Fernández e Sr. Costas Costas), acórdase aprobar a proposta tal como quedou anteriormente transcrita.

II. PARTE DE CONTROL:

3. Resolucións da alcaldía – pedanía.

De conformidade ao recollido nos art. 22.2 da Lei 7/1985 e art. 42 do RD 2568/1986 polo que se aproba o ROF, pola Presidencia dase conta da relación das resolucións adoptadas pola mesma dende a convocatoria da sesión do 26.05.2022 ata a desta, e que estiveron á disposición dos Sres. e Sras. vogais dende a convocatoria desta sesión:

047 27.05.2022 **Recoñecemento da obriga do gasto e orde de pago á Xunta de Galicia de taxa por anuncio no DOGA debido ao disposto na Lei 20/2021, por impte. total de 93,92 €**

048 30.05.2022 **Salvar reparo suspensivo de Intervención e continuar tramitación de expte. e aprobar relación de 2 xustif. de gasto, nº 17/2022 (subministros para Festa das Nais), e orde de recoñecemento con cargo á corresp. partida para o seu pago, por impte. bruto de 368,99 €.**



Entidade Local Menor de Bembridge

- 049 30.05.2021 **Orde de pago por sentenza do TSXG desestimatoria de recurso contra sentenza do Xulgado C-Admvo. 2 de Vigo no P.O. 256/2019, promovido por Excavaciones y Construcciones M. Pérez Portela S.L., condenando ao pago de 105.700,01 € en concepto de xuros de mora.**
- 050 30.05.2021 **Orde de pago por sentenza do Xulgado C-Admvo. 2 de Vigo no P.O. 256/2019, promovido por Excavaciones y Construcciones M. Pérez Portela S.L., condenando ao pago de 605 € en concepto de costas procesuais.**
- 051 31.05.2022 **Recoñecemento de obriga do gasto e orde de pago a 3 corporativos por asistencia a unha sesión da Xunta Veciñal en maio 2022, por impte. bruto total de 1.350,00 €.**
- 052 31.05.2022 **Recoñecemento da obriga de gasto e orde do pago das nóminas do persoal laboral, funcionario e dos membros da Xunta Veciñal con dedicación, relativas ao mes de maio, por 7.590,13 € (impte. neto).**
- 053 31.05.2022 **Autorización de obras de adecuación e conservación en inmovible da Estrada das Plantas, a instancia da Asociación Cultural e Deportiva Xestas.**
- 054 06.06.2022 **Aprobación xustificantes, recoñecemento da obriga do gasto e orde de pago ao Concello de Vigo por 5 recibos do IVTM 2022 de 5 vehículos, por impte. de 532,85 €.**
- 055 13.06.2022 **Aprobación de proposta da Comisión do Fondo de Acción Social, de concesión de axudas do FAS con referencia ao exercicio 2021 a tres traballadores, por impte. bruto total de 2.974,50 €.**
- 056 16.06.2022 **Adxudicación de contrato menor de subministros de “Caraveis para a Festa Floral 2022” a “Floristería R. Beni” (Rosa B. Expósito), por importe total de 3.520 €.**
- 057 21.06.2022 **Declaración de inadmisibilidade de reclamación de responsabilidade patrimonial presentada por Mapfre Seguros, por danos a vehículo na Rúa Recaré 6, ao non ser titular da infraestrutura.**
- 058 23.06.2022 **Salvar reparo suspensivo de Intervención e continuar tramitación de expte. e aprobar relación de 12 xustif. de gasto, nº 18/2022 (subministros e servizos varios), e orde de recoñecemento con cargo á corresp. partida para o seu pago, por impte. bruto de 2.482,06 €.**
- 059 27.06.2022 **Convocatoria de sesión ordinaria da Xunta Veciñal para o 30.06.2022 (4 asuntos).**

4. Rogos e preguntas.



*Entidade Local Menor
de Bembrive*

Non se formulan.

.....

E non tendo outros asuntos a tratar, a Presidencia levanta a sesión sendo as 20:16 h. do día indicado de todo o cal, como secretaria, dou fe.

Vº e pr. do Alcalde Pedáneo,

Asdo. Marcos Castro González



A Secretaria Interventora,

Asdo. Patricia Alvarellos Leis